

# Elas fano en galego

Humanista

Innovadora

Feminista



Casou con Antón  
Beiras, galeguista  
tamén.

“Tita, a palabra xusta”  
(documental).

## Antía Cal Vázquez (A Habana, 1923)

Filla de emigrantes lugueses naceu en Cuba e con 9 anos vén para Galicia. Estudou Comercio, Maxisterio e Filosofía e Letras (especializándose en Xeografía e Pedagogía).

Desde moi nova interesouse na **pedagogía** e por buscar a mellor maneira de **ensinar** á rapazada nas escolas e, por iso, mantivo contactos cos movementos de renovación pedagóxica europeos, entre elas coas Escolas de Verán Rosa Sensat (en Cataluña).

Fundou en Vigo a súa propia escola: a **Escola Rosalía de Castro** en 1961, unha **escola revolucionaria: laica, mixta, igualitaria** e con ensino en **castelán, inglés e galego**, unha valentía increíble, durante a ditadura franquista. As aulas tiñan nomes de autores e autoras de aquí: Rosalía, Castelao, Alexandre Bóveda, Pondal, Carlos Maside, Mariñeiros Labregos...

Antía, tamén coñecida como Tita, escribiu **unha especie de enciclopedia** para o seu alumnado, **O libro dos nenos** (1955). Foi unha pioneira de todos os movementos de renovación pedagóxica en Galicia.

Información tirada de: <https://www.alexandreboveda.gal/antia-cal-a-mestra-renovadora/> e [https://gl.wikipedia.org/wiki/Ant%C3%ADa\\_Cal](https://gl.wikipedia.org/wiki/Ant%C3%ADa_Cal)

[ Amor polo ensino e a lingua - Mestra ]